



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Principios de Macroeconomía	Código	611G01005	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Gráo	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Análise Económica e Administración de Empresas			
Coordinación	Lopez Rodriguez, Jesus	Correo electrónico	jesus.lopez.rodriguez@udc.es	
Profesorado	Estevez Mengotti, Carlos Benigno	Correo electrónico	c.mengotti@udc.es	
	Lopez Rodriguez, Jesus		jesus.lopez.rodriguez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A macroeconomia e unha materia fundamental nas titulacións do Grado en Economía. Por tratarse dunha materia que se imparte no primeiro curso, o nivel será introdutorio, se bien han de quedar ben fundamentados os conceptos e as interrelacións macroeconómicas básicas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer o funcionamento dos diferentes mercados: O mercado do diñeiro, o mercado do traballo, o mercado de bens.	A1 A2 A7	B3	
Coñecer a determinación da renda de equilibrio. Primeiro nunha economía simple, pechada e sen sector público.	A2 A3	B1 B5	C1
Coñecer o papel do sector exterior e o papel do sector público e determinar o equilibrio nun modelo económico aberto e con sector público.	A1 A2 A4	B2 B6	
Coñecer a formulación e os efectos das políticas económicas de demanda: fiscais e monetarias. Coñecer as políticas de oferta.	A3 A5 A6 A8 A9 A10 A11	B4 B8	C4 C5
Coñecer o papel da banca e dos bancos centrais no financiamento do sistema económico.	A2 A3 A12	B7	C6 C7
Coñecer a nivel introdutorio a teoría dos ciclos económico	A8 A9 A13	B9	C8

Contidos	
Temas	Subtemas



1. O ENFOQUE MACROECONOMICO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción</li> <li>2. A produción agregada</li> <li>3. Outras variables macroeconómicas principais</li> </ol>
2. O MERCADO DE BENS E SERVIZOS: A CURVA IS	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción</li> <li>2. Os compoñentes do PIB</li> <li>3. A demanda de bens</li> <li>4. A demanda de investimento e o tipo de xuro</li> <li>5. O equilibrio no mercado de bens e a curva IS</li> </ol>
3. O MERCADO DE ACTIVOS. A CURVA LM	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción</li> <li>2. A demanda de diñeiro</li> <li>3. A oferta monetaria</li> <li>4. O equilibrio no mercado monetario e a curva LM</li> <li>5. A política monetaria e as operacións de mercado aberto</li> </ol>
4. O MODELO IS-LM	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción</li> <li>2. O mercado de bens e a relación IS</li> <li>3. Os mercados financeiros e a relación LM</li> <li>4. O modelo IS-LM</li> <li>5. Combinación de políticas económicas</li> <li>6. Introducción da dinámica</li> </ol>
5. O MERCADO DE TRABALLO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción</li> <li>2. Panorámica do mercado de traballo</li> <li>3. As variacións do desemprego</li> <li>3. A determinación dos salarios</li> <li>4. A determinación dos prezos</li> <li>5. A taxa natural de desemprego</li> </ol>
6. A DEMANDA E A OFERTA AGREGADA MACROECONÓMICA	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción</li> <li>2. A oferta agregada: concepto, obtención gráfica e pendente</li> <li>3. A demanda agregada: concepto, obtención gráfica e pendente</li> <li>4. A produción de equilibrio a curto e a medio prazo</li> <li>5. Os efectos dunha expansión monetaria</li> <li>6. Unha redución do déficit público</li> <li>7. Conclusións</li> </ol>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A4 A5 A7 A8 A9 B2 B1 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C3 C4 C5 C7	17	34	51
Solución de problemas	A3 A4 A10 B3 B4 C6 C8	25	25	50
Proba mixta	A1 A6 A11 A12 A13	5	29	34
Atención personalizada		15	0	15

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	O profesor explica na aula cada un dos temas do contido do programa. Utiliza o encerado e as tecnoloXias dispoñibles. Os alumnos resollen cantas dúbidas se lle formulan. Ao final de cada sesión maxistral ábrese un tempo de aclaracións, comentarios, etc.  Recoméndase a bibliografía axeitada a cada tema.
Solución de problemas	A medida que se vai avanzando no temario propónse a solución de casos na metodoloxía denominada solución de problemas.
Proba mixta	O exame realizarase nas convocatorias oficiais de xuño e xullo. Puntuarase de 0 a 7 puntos, debendo obter o alumno neste exame polo menos 3 puntos para superar esta proba obxectiva. Esta proba poderá consistir nunha batería de test con resposta múltiple, sendo correcta unha soa das respostas. Tamén poderá incluír o exame temas de desenvolvemento do programa e/ou problemas. No caso dos test, os fallos restarán puntuación.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Solución de problemas Proba mixta	O alumno pode acudir ao despacho do profesor co fin de aclarar dúbidas sobre os contidos, sobre a bibliografía recomendada, sobre a realización de traballos en relación con temas de actualidade ou temas que interesen ao alumno no contexto da materia de Macroeconomía. Tamén pode informarse sobre busca de fontes de datos económicos e manexo básico de programas estatísticos. Nesta actividade de atención personalizada ao alumno incluímos a acción de titoría aos grupos reducidos de alumnos, establecida en 4 horas por cada grupo de 15 alumnos. Esta dedicación está incluída nas 15 horas de atención personalizada que se recollen no apartado 4: Planificación.  Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e despena académica de exención de asistencia acordarase ao principio do curso un calendario específico de titorías que sexa compatible coa súa dedicación

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A2 A4 A5 A7 A8 A9 B2 B1 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C3 C4 C5 C7	A asistencia á sesión maxistral poderá ser avaliada en función das intervencións nas mesmas que mostren o grao de coñecemento que o alumno vai adquirindo da materia explicada. A asistencia, pois, soamente contribuirá á nota obtida en función das respostas a cuestións que formule o profesor ou a comentarios que sobre a materia realice o alumno cando, a xuízo do profesor, mostren aquelas respostas e aqueles comentarios, un dominio axeitado dos contidos explicados. Neste apartado inclúense os exercicios sobre os contidos que se puidesen realizar ao longo do cuadrimestre.	15
Solución de problemas	A3 A4 A10 B3 B4 C6 C8	A resolución dos casos formulados na aula e comentados en presenza dos demais alumnos, utilizando o encerado, o proxector, etc. Inclúense nesta apartado os traballos que, dirixidos polo profesor, fosen presentados e defendido polos alumnos na aula. A cualificación máxima que se pode outorgar ao alumno pola solución de problemas e polas actividades do apartado de sesión maxistral é de 3 puntos. Os exames que se realicen durante o cuadrimestre poderán conter tamén problemas. As cualificacións dos exames que se propoñan durante o cuadrimestre non terán carácter liberatorio da materia, senón que a puntuación obtida (máximo 3 puntos) se sumará ao exame final.	15



Proba mixta	A1 A6 A11 A12 A13	O exame realizarase na convocatoria de xuño e na extraordinaria de xullo. A puntuación será entre 0 e 7 puntos. Para superar esta proba será necesario obter polo menos 3 puntos nesta. A materia será superada na oportunidade de xuño ou na de xullo se a suma das cualificacións de sesión maxistral, solución de problemas e proba obxectiva é de 5 ou máis puntos. O exame poderá constar dunha batería de test con respostas múltiples, sendo soamente unha correcta. Os fallos penalizaranse. O exame tamén poderá conter temas de desenvolvemento ou resolución de problemas prop	70
-------------	-------------------	---	----

### Observacións avaliación

#### Calificación de non presentado

Corresponde ao alumno, cando só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación alcanzada.

#### Segunda

Oportunidade e convocatoria adiantada

Os

criterios de avaliación son os mesmos para todas as oportunidades de avaliación.

Alumnado

con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia

Agás para

as datas aprobadas na Xunta de Facultade para a proba obxectiva, para as restantes probas acordarase ao inicio do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación.

Identificación

do estudante

O

estudiante ha de acreditar a súa personalidade de acordo á normativa vixente.

### Fontes de información

#### Bibliografía básica

- PATEIRO RODRÍGUEZ, C. (1994). CONTESTACIÓN AL PROGRAMA DE MACROECONOMÍA. TÓRCULO
- BAJO, O. Y M.A. MONÉS (1994). CURSO DE MACROECONOMÍA. A. BOSCH
- RODRIGUEZ, J., F. MOCHÓN Y OTROS (1993). ELEMENTOS Y CUESTIONES DE T. ECONÓMICA. UNED
- MOCHÓN MORCILLO, F. (2008). INTRODUCCIÓN A LA MACROECONOMÍA (3ª). MADRID. MCGRAW HILL
- MOCHÓN MORCILLO, F. (2008). INTRODUCCIÓN A LA MACROECONOMÍA EJERCICIOS 3ª EDICIÓN. MADRID. EDESA
- ESCRIBA, F. J. Y OTROS (1995). INTRODUCCIÓN PRÁCTICA A LA ECONOMÍA. MC GRAW HILL
- DORNBUSCH, R. Y S. FISCHER (varias ediciones). MACROECONOMÍA. MCGRAW-HILL
- BLANCHARD OLIVIER (2000). MACROECONOMÍA 2ª edc.. PRENTICE HALL
- MOCHÓN MORCILLO, F. Y DE JUAN DÍAZ, R. (2006). PRINCIPIOS DE MACROECONOMÍA. EJERCICIOS. EDICIONES ACADÉMICAS
- MOCHÓN MORCILLO, F. Y DE JUAN DÍAZ, R. (2010). INTRODUCCIÓN A LA MACROECONOMÍA. EJERCICIOS. EDICIONES ACADÉMICAS
- (). .
- MOCHÓN MORCILLO, F. Y VICTOR ALBERTO BEKER (2008). ECONOMIA. PRINCIPIOS Y APLICACIONES. MC GRAW HILL
- PATEIRO RODRÍGUEZ C. (2011). PROBLEMAS Y TEST DE PRINCIPIOS DE MACROECONOMÍA . EN TRÁMITE



Bibliografía complementaria

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

Recoméndase ao alumno a maior asistencia posible ás sesións maxistras e á resolución de problemas. Aconséllase un seguimento continuo da materia, aclarando cantas dúbidas se formulen na titoría e na propia aula.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías